CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.	● TO.4 - Conversa (negocios en exposición)	S	5
CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.	● TO.5 - Conversa (reserva de hotel)	S	5
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.	● PE.4 - Writing: A Leaflet (información sobre exposición)	S	8
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.	● TO.6 - traballo na aula	S	7
CA5.2 Descríbense os protocolos e as normas de relación social propios do país.	● TO.7 - traballo na aula	N	5
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.	● TO.8 - traballo na aula	S	5
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.	● TO.9 - Traballo na aula	N	5
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p>

Contidos
Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.
Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.
Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Scheduling Meetings and Events - Programación de reunións e eventos.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 4.1.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas coa programación de reunións e a organización de eventos fóra da oficina. • Tp 4.1.2 ¿ Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. • Tp 4.1.3 ¿ Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 4.1.1 Comprensión oral de conversas sobre modificacións e organización de reunións e eventos. • Ta 4.1.2 ¿ Lectura dunha programación e dunha web dunha axencia organizadora de eventos • Ta 4.1.3 ¿ Práctica de diálogos. • Ta 4.1.4 ¿ Redacción de correos electrónicos de solicitude de reunión e aceptación de invitación a eventos. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo a reunións e eventos. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Sección 7 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). • Audio correspondente á devandita sección. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Lectura (exposición) • TO.6 - traballo na aula 	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Planning and Attending Meetings and Events - Organización dos contidos dunha reunión. Seguimento e asistencia a unha reunión e eventos fóra da oficina.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 4.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co proceso de levantar acta dunha reunión. Tp 4.2.2 ¿ Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 4.2.3 ¿ Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. • Tp 4.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co proceso de levantar acta dunha reunión. Tp 4.2.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 4.2.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 4.2.1 Comprensión oral de conversas. Ta 4.2.2 Lectura dunha acta de reunión. Ta 4.2.3 Práctica de diálogos. Ta 4.2.4 Redacción dun correo electrónico para o cambio de data dunha reunión. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao levantamento de actas de reunións. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao levantamento de actas de reunións. • - Audio correspondente ás devanditas seccións. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Listening: (conversación sobre exposición) • LC.2 - Listening: (problemas cun voo) • LC.3 - Listening: (conversación sobre exposición) • LC.5 - Listening: (conversación sobre exposición) • LC.6 - traballo na aula • PE.1 - Lectura texto: (anuncios) • PE.2 - Lectura texto: (anuncios) • PE.4 - Writing: A Leaflet (información sobre exposición) • TO.2 - Conversa (negocios en exposición) • TO.3 - Conversa (negocios en exposición) • TO.4 - Conversa (negocios en exposición) • TO.6 - traballo na aula • TO.8 - traballo na aula • TO.9 - Traballo na aula 	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Reservations - Realización de todo tipo de reservas e xestión das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 4.3.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas con viaxes e reservas de voos, hoteis e restaurantes. • Tp 4.3.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. • Tp 4.3.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. • Tp 4.3.4 Avaliación dos resultados da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 4.3.1 Comprensión oral de conversas telefónicas. • Ta 4.3.2 Lectura dun correo electrónico e máis un folleto dun hotel. • Ta 4.3.3 Práctica de diálogos sobre reservas. • Ta 4.3.4 Redacción de cartas de reclamación e de resposta a unha reclamación. <p>Ta 4.3.1 Comprensión oral de conversas telefónicas. Ta 4.3.2 Lectura dun correo electrónico e máis un folleto dun hotel. Ta 4.3.3 Práctica de diálogos sobre reservas. Ta 4.3.4 Redacción de cartas de reclamación e de resposta a unha reclamación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas executadas e corrixiadas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo a viaxes e reservas de voos, hoteis e restaurantes. • - Test de control. 	<ul style="list-style-type: none"> • Audio correspondente á devandita sección. • - Material complementario e de apoio de Business Administration & Finance. • - Sección 10 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.4 - Listening: (problemas cun voo) • PE.2 - Lectura texto: (anuncios) • PE.3 - Lectura (exposición) • TO.1 - Conversa (reserva de hotel) • TO.5 - Conversa (reserva de hotel) • TO.7 - traballo na aula 	14,0
TOTAL						38,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	COMMERCIAL TRANSACTIONS	29

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Comprender un texto sobre o estado de fluxo de caixa e unha folla de balance. 1.3 Escribir un informe de resultados. 1.1 Comprender e emitir mensaxes sobre a situación financeira e investimentos nunha empresa.	1	Cash Flow and Accounting	9,0
2.1 Comprender e emitir mensaxes relacionadas con créditos, financiación e liquidez dunha empresa. 2.2 ¿ Pedir consello sobre as necesidades de aseguramento da empresa.	2	Banking and Insurance	9,0
3.1 Aprender vocabulario e expresións relacionadas coa apertura de tendas online. 3.2 Seleccionar provedores para un negocio. 3.3 Recapitular e revisar os contidos da un idade. 3.4 Recapitular e revisar os contidos vistos ata o de agora.	3	E-Commerce and Suppliers	11,0
TOTAL			29

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.	• LC.1 - Listening: (programa de radio)	S	4
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícase o estado de ánimo e o ton da persoa falante.	• LC.2 - Listening: (programa de radio)	S	4
CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.	• LC.3 - ening: (programa de radio)	S	4
CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüísticamente complexos.	• LC.4 - Listening: (programa de radio)	S	4

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.	● PE.1 - Lectura (anuncio cursos formación)	S	4
CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.	● PE.2 - Lectura (anuncio cursos formación)	S	4
CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.	● PE.3 - Lectura (anuncio cursos formación)	S	4
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.	● PE.4 - Lectura (anuncio cursos formación)	S	4
CA2.5 Identificouse con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.	● PE.5 - Lectura (anuncio cursos formación)	N	4
CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).	● PE.6 - Lectura (anuncio cursos formación)	S	4
CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.	● TO.1 - Traballo na aula	S	4
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.	● TO.2 - Conversa (apertura de negocio)	S	5
CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.	● TO.3 - Conversa (apertura de negocio)	S	10
CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.	● TO.4 - Conversa (apertura de negocio)	S	5
CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.	● PE.7 - Redacción (informe de marketing)	S	4
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.	● PE.8 - Redacción (informe de marketing)	S	4
CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.	● PE.9 - Redacción (informe de marketing)	S	4
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.	● PE.10 - Redacción (informe de marketing)	S	4
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.	● PE.11 - Redacción (informe de marketing)	S	4
CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.	● LC.5 - Traballo na aula	S	4
CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.	● LC.6 - traballo na aula	S	4
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.	● LC.7 - Traballo na aula	S	4
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.	● LC.8 - Traballo na aula	N	4
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p> <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p>

Contidos

Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiáns. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación. Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.

Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.

Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Cash Flow and Accounting - Contabilidade e fluxo de caixa.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 5.1.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co fluxo de caixa e a contabilidade. • Tp 5.1.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. • Tp 5.1.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 5.1.1 Comprensión oral de conversas sobre a situación financeira dunha empresa e sobre investimentos. • Ta 5.1.2 Lectura dunha folia de balance dunha empresa. • Ta 5.1.3 Práctica de diálogos sobre a situación financeira e as posibilidades de investimento nun pequeno negocio. • Ta 5.1.4 Redacción dun informe de resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao fluxo de caixa e á contabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Audio correspondente á devandita sección. • - Sección 14 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Listening; (programa de radio) • LC.4 - Listening; (programa de radio) • LC.5 - Traballo na aula • LC.6 - traballo na aula • LC.8 - Traballo na aula • PE.1 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.3 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.5 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.7 - Redacción (informe de marketing) • PE.8 - Redacción (informe de marketing) • PE.9 - Redacción (informe de marketing) • PE.10 - Redacción (informe de marketing) 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Banking and Insurance - Actividade relacionada coa banca e os seguros.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 5.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co sector bancario e de seguros. Tp 5.2.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 5.2.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. • Tp 5.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co sector bancario e de seguros. Tp 5.2.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 5.2.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 5.2.1 Comprensión oral de conversas sobre financiamento e aseguramento de negocios. Ta 5.2.2 Lectura dun folleto dun banco sobre empréstitos a empresas e dunha páxina web dunha compañía aseguradora. Ta 5.2.3 Práctica de diálogos sobre a liquidez dunha empresa e as súas necesidades de aseguramento. • Ta 5.2.1 ¿ Comprensión oral de conversas sobre financiamento e aseguramento de negocios. Ta 5.2.2 ¿ Lectura dun folleto dun banco sobre empréstitos a empresas e dunha páxina web dunha compañía aseguradora. Ta 5.2.3 ¿ Práctica de diálogos sobre a liquidez dunha empresa e as súas necesidades de aseguramento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao sector bancario e de seguros. • - Tarefas executadas e corrixidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Audio correspondente á devandita sección. • - Sección 15 dos libros ¿Business Administration & Finance¿ (Student's Book e Workbook). 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 - ening: (programa de radio) • PE.4 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.9 - Redacción (informe de marketing) • TO.2 - Conversa (apertura de negocio) • TO.3 - Conversa (apertura de negocio) • TO.4 - Conversa (apertura de negocio) 	9,0
E-Commerce and Suppliers - Comercio electrónico e provedores.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 5.3.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co comercio electrónico e a procura de provedores. Tp 5.3.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 5.3.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. Tp 5.3.4 Avaliación dos resultados da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 5.3.1 Comprensión oral dunha conversa sobre a apertura dunha liña de negocio online e máis unha sobre a procura e selección de provedores. Ta 5.3.2 Lectura dunha páxina web e dun blog de consellos. Ta 5.3.3 Práctica de diálogos. • Ta 5.3.1 ¿ Comprensión oral dunha conversa sobre a apertura dunha liña de negocio online e máis unha sobre a procura e selección de provedores. Ta 5.3.2 ¿ Lectura dunha páxina web e dun blog de consellos. Ta 5.3.3 ¿ Práctica de diálogos. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao comercio electrónico e aos provedores. • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Test de control. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Sección 16 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). • - Audio correspondente á devandita sección. • - Material complementario e de apoio de Business Administration & Finance. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Listening: (programa de radio) • LC.6 - traballo na aula • LC.7 - Traballo na aula • PE.2 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.6 - Lectura (anuncio cursos formación) • PE.10 - Redacción (informe de marketing) • PE.11 - Redacción (informe de marketing) • TO.1 - Traballo na aula 	11,0
TOTAL						29,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	COMPANIES AS COMMUNITIES	29

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender a elaborar un estudo de mercado para presentar un novo produto. 1.2 Comprender e emitir mensaxes relacionadas coas estratexias de venda. 1.3 Escribir un texto describindo un produto.	1	Market Research and Strategies	9,0
2.1 Comprender unha conversa sobre a análise de malos resultados de vendas. 2.2 Aprender a escoller cursos para fomentar o espírito de equipo entre os traballadores. 2.3 Expresar e comprender ideas de mellora na empresa.	2	Training and Teamwork	9,0
3.1 Comprender e emitir mensaxes sobre as habilidades dun líder e como dirixir un departamento. 3.2 ¿ Aprender sobre as estratexias de xestión e comunicación. 3.3 ¿ Recapitular e revisar os contidos da unidade. 3.4 Recapitular e revisar os contidos vistos ata o de agora.	3	Leadership and Strategy Planning	11,0
TOTAL			29

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.	• TO.1 - Traballo na aula	S	5
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícase o estado de ánimo e o ton da persoa falante.	• LC.1 - Audición: (formación de equipos)	S	5
CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.	• LC.2 - Audición: (formación de equipos)	S	5

Critérios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.	● LC.3 - Audición: (formación de equipos)	S	5
CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.	● LC.4 - Audición: (formación de equipos)	S	5
CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.	● TO.2 - Traballo na aula	S	5
CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.	● PE.1 - Lectura: (consultorio laboral)	S	5
CA2.5 Identifícase con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.	● PE.2 - Lectura: (consultorio laboral)	S	5
CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.	● PE.3 - Lectura: (consultorio laboral)	S	5
CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.	● LC.5 - traballo na aula	S	5
CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.	● TO.3 - Conversa telefónica (telemarketing)	S	5
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.	● TO.4 - Conversa telefónica (telemarketing)	S	5
CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.	● TO.5 - Conversa telefónica (telemarketing)	S	5
CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.	● TO.6 - Conversa	S	5
CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.	● TO.7 - Conversa	S	5
CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.	● PE.4 - Redacción(descripción de produto)	S	5
CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.	● PE.5 - Redacción(descripción de produto)	S	5
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.	● PE.6 - Redacción(descripción de produto)	S	5
CA5.3 Identifícanse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.	● OU.1 - traballo na aula	S	5
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.	● TO.8 - Conversa	S	5
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros</p> <p>Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.</p> <p>Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e</p> <p>Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.</p> <p>Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiás. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs , verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto.</p> <p>Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.</p> <p>Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.</p>

Contidos
Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.
Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.
Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Market Research and Strategies - Estudos de mercado e estratexias de márketing.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 6.1.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas coa elaboración de estudos de mercado e estratexias de venda. Tp 6.1.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 6.1.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 6.1.1 Comprensión oral de conversas sobre o lanzamento e venda dun novo produto. Ta 6.1.2 Lecturas con pautas e estratexias. Ta 6.1.3 Práctica de diálogos. Ta 6.1.4 Redacción dun texto describindo un produto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas executadas e corrixidas. • Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo á elaboración de estudos de mercado e estratexias de venda. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sección 13 dos libros Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). • Audio correspondente á devandita sección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Audición: (formación de equipos) • LC.5 - traballo na aula • PE.3 - Lectura: (consultorio laboral) • PE.4 - Redacción (descripción de produto) • PE.5 - Redacción (descripción de produto) • PE.6 - Redacción (descripción de produto) • TO.2 - Traballo na aula • TO.3 - Conversa telefónica (telemarketing) • TO.4 - Conversa telefónica (telemarketing) • TO.5 - Conversa telefónica (telemarketing) 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Training and Teamwork - A formación na empresa e o traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 6.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas coas actividades de formación dos empregados e o traballo en equipo. Tp 6.2.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 6.2.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. • Tp 6.2.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas coas actividades de formación dos empregados e o traballo en equipo. Tp 6.2.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 6.2.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 6.2.1 Comprensión oral de conversas sobre mellora de distintos aspectos dun negocio. Ta 6.2.2 Lectura de anuncios de cursos de formación e dun blog sobre o traballo en equipo. Ta 6.2.3 Práctica de diálogos sobre análises de resultados e suxestións de mellora. Ta 6.2.4 Redacción dun anuncio cunha oferta de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ás actividades de formación dos empregados e ao traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sección 17 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). • - Audio correspondente á devandita sección. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 - Audición: (formación de equipos) • LC.4 - Audición: (formación de equipos) • PE.1 - Lectura: (consultorio laboral) • PE.2 - Lectura: (consultorio laboral) • TO.1 - Traballo na aula • TO.6 - Conversa • TO.7 - Conversa • TO.8 - Conversa 	9,0
Leadership and Strategy Planning - Habilidades de liderado e planificación estratéxica.	<ul style="list-style-type: none"> • Tp 6.3.1 Presentación contextualizada de vocabulario e expresións relacionadas co liderado e planeamento estratéxico. Tp 6.3.2 Explicación das tarefas a realizar polo alumnado. Tp 6.3.3 Apoio e reforzo ao alumnado na execución das tarefas. Tp 6.3.4 Avaliación dos resultados da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ta 6.3.1 Comprensión oral dunha conversa sobre consellos para dirixir un departamento e doutra sobre a planificación de accións fronte á competencia. Ta 6.3.2 Lectura sobre as habilidades dun líder e dunhas notas sobre estratexias de xestión e comunicación. Ta 6.3.3 Práctica de diálogos. Ta 6.3.4 Redacción dun correo electrónico de felicitación a un compañeiro polo seu ascenso. 	<ul style="list-style-type: none"> • - Tarefas executadas e corrixidas. • - Listaxe de vocabulario e linguaxe funcional relativo ao liderado e planeamento estratéxico. • - Test de control. 	<ul style="list-style-type: none"> • Audio correspondente á devandita sección. • - Sección 18 dos libros ¿Business Administration & Finance (Student's Book e Workbook). • - Material complementario e de apoio de Business Administration & Finance. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Audición: (formación de equipos) • OU.1 - traballo na aula • PE.1 - Lectura: (consultorio laboral) • TO.2 - Traballo na aula • TO.6 - Conversa 	11,0
TOTAL					29,0	

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A este nivel espérase que o alumnado teña unha pronuncia intelixible, que un falante nativo poida entender sen excesiva dificultade. Ademais terá que haber un grao de corrección tanto a nivel oral como escrito suficiente como para non impedir a comunicación. Deben ser capaces de distinguir e producir todos os sons da lingua inglesa, diferenciar a entoación de preguntas, frases enunciativas e exclamativas, expresar emocións como a sorpresa, o fastidio, a queixa, etc coa entoación adecuada, e coñecer un vocabulario básico, con especial atención a terminoloxía profesional que foi obxecto de estudo neste módulo.

Con relación á gramática, deben coñecer as estruturas básicas, como por exemplo formar preguntas e respostas, utilización de modais e auxiliares, utilización básica de preposicións e conxuncións.

En canto á lingua escrita, espérase que o alumnado sexa como mínimo capaz de redactar unha carta comercial có formato apropiado e con diferentes fins (queixa, solicitude de información, negociación, confirmación de reserva, etc.) así como outros documentos que lle serán de utilidade no mundo profesional (fax, formulario de pedido, curriculum, e-mail, impreso de solicitude, etc.)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua pero non só contará a cualificación dos exames para a nota final de cada trimestre. A continuación, desglósanse as porcentaxes que se tomarán como referencia para a devandita nota en cada avaliación:

-Exames: 60 % (30% para as destrezas orais e 30% para as escritas, incluíndo nestas os coñecementos adquiridos en canto ao vocabulario relacionado coa especialidade e máis as estruturas gramaticais estudadas)

-Tarefas realizadas na clase 20%. Teranse en conta a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita, así como o uso adecuado do vocabulario e a gramática. Ademais, valoraranse a atención, a participación e o esforzo.

- Tarefas realizadas na casa 20%. Inclúense aquí tanto exercicios entregados de forma presencial á profesora, como aqueles que sexan valorados a través da aula virtual. Consistirán, en xeral, en tarefas de comprensión oral e escrita, expresión escrita e utilización do vocabulario e estruturas gramaticais.

Os exames que se fagan en cada avaliación conterán actividades parecidas ás que se levan a cabo na aula. Ademais pódese incluír como materia de exame calquera contido visto e traballado na clase.

Para obter unha cualificación de apto en calquera dos exames o alumnado ten que alcanzar 5 puntos sobre 10.

A nota final do curso será a media ponderada das notas dos 3 trimestres, sendo necesario acadar como mínimo un 3 para calcular a media aritmética, que en todo caso, debe ser igual ou superior a 5 para superar o módulo.

Os alumnos que non acaden unha avaliación positiva poderán facer unha proba de actividades escritas e orais para avaliar a recuperación dos coñecementos adquiridos durante o curso.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O plan de recuperación do alumnado consiste en levar a cabo actividades e procedementos previstos nas unidades didácticas da programación. Quedará a discreción da profesora determinar se estas actividades resultan suficientes para a superación do módulo ou se será preciso realizar un exame de recuperación.

Estas actividades de recuperación consistirán en:

1. Repasar os contidos necesarios de cada unidade didáctica.
2. Realizar diferentes tarefas de cada unidade da programación, seleccionando actividades axeitadas para reforzar e afianzar o nivel necesario nas catro destrezas da lingua, outorgando prioridade ás destrezas produtivas, xa que normalmente son as máis difíciles de mellorar e as que requiren unha monitorización adecuada por parte do profesorado. Proporcionaráselle ao alumnado as explicacións e orientacións pertinentes, suministrándolle a bibliografía necesaria para revisar e reforzar contidos, así como información adecuada do progreso acadado e as necesidades de mellora.

Os alumnos e alumnas que suspendan o módulo na convocatoria ordinaria recibirán unha serie de actividades escritas, así como outras en soporte de audio ou vídeo para poidan realizar nos meses anteriores á avaliación extraordinaria.

O profesor encargado do curso, ademais de facer un seguemento dos alumnos pendentes, será responsable de convocalos ao exame escrito e oral que terá lugar na data e hora sinalada pola Dirección do centro.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos e alumnas que perdan o dereito a avaliación continua so poderán presentarse ao exame final, é dicir, realizarán un único exame que constará de dúas partes, escrita e oral, baseado na totalidade dos contidos mínimos desta programación. Deberán superar ambos exames cunha nota mínima de 5 puntos. Unha nota inferior a 3 en algunha das dúas probas impedirá que se faga media aritmética entre as dúas partes.

Nesta proba extraordinaria avaliaranse todas as destrezas lingüísticas: listening, speaking, reading e writing. O valor asignado a cada unha delas dependerá da extensión da proba e da súa dificultade. A cualificación outorgada a cada exercicio aparecerá especificada na proba.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

1. O grao de cumprimento da temporalización
2. O logro dos obxectivos programados
3. Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos oralmente ou por escrito nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e na casa, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

Os exames serán ensinados e comentados na clase.

Ademais, o Departamento está informado en todo momento do seguimento da programación e do grao de consecución dos obxectivos da mesma.

Os resultados obtidos reflectiranse na Memoria Anual do Departamento e poderán determinar propostas de modificacións na programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira semana do curso o profesor levará a cabo tanto actividades orais como escritas na aula e o alumnado realizará uns tests para constatar os seus coñecementos previos. Deste xeito localizaremos aos que necesitan máis axuda para poder prestarlle a xa dende o comezo e, ao mesmo tempo, permítenos avaliar posteriormente a progresión de todos os alumnos e alumnas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os diversos niveis de referencia dos que parte o noso alumnado, así como o seu perfil fan aconsellable recomendarlles bibliografía en liña así como outro material dispoñible na biblioteca do centro e no Departamento de Inglés de xeito que poidan traballar de forma autónoma e suplir as carencias que eles mesmos perciban. Isto promove que o alumnado reflexione na súa aprendizaxe e determine as súas carencias nun proceso de autoavaliación.

Xa que os alumnos son avaliados diariamente na clase, están en posición de determinar os seus puntos fortes e débiles. Ademais das actividades diarias de clase e as que a profesora asigna como deberes, periódicamente se require que os alumnos practiquen mediante a realización de diversos exercicios interactivos nas aulas de informática ou na casa que deberán remitir á profesora por correo electrónico.

Con esta medida non se busca a realización perfecta de tales exercicios nin tampouco a cantidade, senón a capacidade do alumnado para determinar as áreas nas que precisa traballar e as medidas que persoalmente está adoptando para lograr mellorar o seu dominio da lingua.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes, a tolerancia e a educación para a convivencia.

A estes valores engadímolle aqueles que están particularmente relacionados co idioma da asignatura, é dicir:

- Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
- Coñecemento dos elementos culturais máis salientables nos países onde se fale a lingua inglesa.
- Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiran un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.

Estes contidos serán avaliados prestando atención aos criterios de avaliación especificados no bloque 5, que se irán traballando nas distintas unidades da programación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Debido á situación sanitaria actual, no momento de elaborar esta programación non hai ningunha actividade complementaria prevista polo Departamento.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia

No caso de que sexa necesario continuar co ensino a distancia por mor dun gromo causado pola COVID-19, seguiremos a docencia a través da aula virtual do instituto. Empregaremos dita aula como medio de contacto co alumnado para asignar tarefas e que estes as envíen. Poderán

empregar tamén, se así o desexan, o correo electrónico para aclaración de dúbidas ou outras consultas.

En canto á organización do traballo na aula virtual, cada semana inclúiranse os contidos e as tarefas específicas para practicalos, así como as instrucións de entrega. Os exercicios a realizar poderán estar incluídos tanto no libro de texto ou en material adicional proporcionado pola profesora.

A realización de exames será presencial sempre e cando sexa posible. De non ser así, faranse de xeito telemático mediante a aula virtual.

Acordarase unha data e hora para a realización da mesma (que só se poderá cambiar por causa médica xustificada) e poñerase un tempo máximo de entrega.

No caso de que todo un trimestre ou a maior parte do mesmo teña que facerse a distancia podemos atopar tres escenarios distintos:

a) Que xa se tivera feita algunha proba durante ese trimestre. Nese caso, a nota dese trimestre será o resultado das cualificacións obtidas nesas probas. O 20% correspondente ao traballo de clase será substituído e/ou complementado polas tarefas propostas na aula virtual.

b) Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado teña acceso a medios dixitais.

Nese caso seguiranse mantendo as mesmas porcentaxes para as distintas partes, so que se farán a distancia por medio da Aula Virtual.

c) Que non se fixera ningunha proba durante ese trimestre e o alumnado non teña acceso a medios dixitais.

Aqueles alumnos que non teñen posibilidade de facer probas dixitais por falta de acceso ás novas tecnoloxías serán valorados segundo os seguintes criterios:

Tarefas realizadas na casa: 60%

- Comprensión escrita: 20%
- Produción escrita: 20%
- Uso da lingua (vocabulario e gramática): 20%

Proba oral: 40%

- Comprensión oral: 20% (Por exemplo, dar resposta ás preguntas feitas pola profesora ou sobre un texto reproducido por medios mecánicos ou lido pola profesora).

- Produción oral: 20% (Por exemplo, lectura dun texto, monólogo sobre un tema previamente acordado ou proposto pola profesora no momento).

A proba oral farase por medio dunha chamada telefónica e o alumnado será informado previamente do contido da proba, que incluírá sempre aqueles aspectos traballados previamente. As distintas partes desta proba poderán facerse nun mesmo día ou en días diferentes.

A avaliación final determinarase na forma indicada con anterioridade.

10.2) Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática

O ideal para seguir a ensinanza telemática sería que o alumnado contase cun ordenador e unha boa conexión a internet xa que empregaremos a Aula Virtual como plataforma e ferramenta de ensino-aprendizaxe. Tendo en conta que o módulo para o que se planifica esta programación é en réxime de adultos, esta é a circunstancia máis probable. Con todo, no caso de que isto non fose así e algunha persoa non contara con estes medios, imos diferenciar dúas situacións posibles:

1) Alumnado con acceso a un teléfono móbil ou tableta con datos

A utilización de calquera destes dispositivos por parte do alumnado permitiríanos enviarlles unha mensaxe ou WhatsApp aclarando dúbidas ou proporcionando explicacións escritas, faladas ou por vídeo. Este alumnado faría o mesmo traballo que o resto pero no seu caderno, seguindo as explicacións do libro de texto e as que se lle poidan enviar por teléfono ou ao correo electrónico. Do mesmo xeito, este alumnado recibirá as tarefas corrixidas por estes mesmos medios.

2. Alumnado sen acceso a un teléfono móbil ou tableta con datos

